



Guía Docente				
Datos Identificativos				2015/16
Asignatura (*)	Temas e liñas de investigación en literatura e cultura galega do século XIX		Código	613484028
Titulación	Mestrado Universitario en Literatura, Cultura e Diversidade			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Galego-Portugués, Francés e Lingüística			
Coordinación	Garcia Negro, Maria Pilar	Correo electrónico	maria.pilar.garcia.negro@udc.es	
Profesorado	Garcia Negro, Maria Pilar	Correo electrónico	maria.pilar.garcia.negro@udc.es	
Web	www.udc.es/filo			
Descrición xeral	Estudo das principais liñas temáticas de investigación en literatura galega do século XIX.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Coñecer as principais correntes teóricas que integraron e integran a reflexión sobre a literatura e a cultura, así como os seus antecedentes.
A2	Comprender os procesos históricos dos estudos literarios e culturais e os seus cambios de paradigma.
A4	Analizar e interpretar textos, aplicando diferentes modelos teóricos e xenéricos.
A5	Aplicar as técnicas de análise cultural respectando os fundamentos ideolóxicos presentes en contextos diversos.
A6	Integrar os estudos literarios nun contexto cultural máis extenso que transcenda os límites dunha soa lingua e / ou nación, atendendo á diversidade cultural.
A7	Ampliar o concepto de literatura, a través da súa relación coas TICS, os medios de comunicación, o cinema, as artes, no marco da diversidade cultural.
A8	Aplicar unha perspectiva comparatista de carácter transnacional e plurilingüístico aos estudos literarios, artísticos e culturais.
A9	Ser capaz de realizar achegas creativas e orixinais no estudo comparatista dos textos literarios, dos produtos artísticos e das realidades culturais.
A10	Aplicar as técnicas de análise cultural en contextos diversos.
A11	Adquirir as habilidades necesarias para analizar e investigar os mecanismos dos procesos de comunicación.
A12	Coñecer e valorar a diversidade cultural, con especial atención aos ámbitos anglófono, hispánico e galego-portugués.
A13	Adquirir a capacidade de manexar ferramentas e recursos de investigación aplicados no ámbito dos estudos literarios e culturais.
B1	Traballar de maneira interdisciplinar en entornos diversos.
B2	Demostrar un compromiso ético contra as desigualdades.
B3	Promover o entendemento intercultural desde a comprensión da diversidade.
B4	Desenvolver habilidades cognitivas avanzadas (capacidade de síntese, análise e pensamento crítico) relacionadas co desenvolvemento e a creación dun perfil investigador.
B5	Integrar coñecementos de campos de estudo diversos.
B6	Aplicar coñecementos e habilidades na resolución de problemas en entornos novos ou non familiares en contextos interdisciplinares.
B7	Adquirir a capacidade de concebir e deseñar proxectos de investigación con rigor académico.
B8	Desenvolver habilidades de xestión da información para propósitos académicos e de investigación.
B9	Adquirir capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.



C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Comprender a determinación histórica e cultural na produción literaria galega do século XIX.	AM1 AM2 AM4 AM10	BM2 BM5	CM1 CM6 CM8
Saber utilizar modelos teóricos e hermenéuticos aptos para a análise desta materia.	AM2 AM5 AM9 AM12	BM1 BM6 BM9	CM1 CM6 CM8
Saber aplicar métodos e achegas dos estudos literarios e culturais.	AM4 AM6 AM8 AM9 AM10	BM5 BM9	CM1 CM3 CM4 CM8
Dar conta da interrelación literatura-situación e contexto social no período e autores/as estudados/as.	AM2 AM4 AM5 AM7	BM1 BM3 BM5	CM3 CM5 CM7
Ser quen de realizar achegas creativas e orixinais no estudo da produción literaria galega do século XIX, como modo de se introducir nas tarefas de investigación.	AM9 AM11 AM13	BM4 BM5 BM7 BM8 BM9	CM3 CM8

Contidos	
Temas	Subtemas
A construción histórica da meta-Rosalía	.1. A consideración crítica de Rosalía de Castro en vida e post-mortem
2. Confluencias e diverxencias dos clásicos.	Rosalía de Castro Eduardo Pondal Curros Enríquez Relacións entre contemporáneos
A utilización do verso como formato plurixenérico: textos significativos	O afán socializador de Lamas Carvajal

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Presentación oral		2	12	14
Lecturas		6	18	24
Sesión maxistral		6	12	18
Análise de fontes documentais		6	12	18



Atención personalizada		1	0	1
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Presentación oral	Presentación oral individual por parte de cada alumno e de cada alumna dun asunto relacionado cos contidos da materia e decidido entre a profesora e o/a estudante.
Lecturas	Lectura obrigada dos textos literarios e dos textos críticos que a profesora indique na aula.
Sesión maxistral	Nestas sesións a profesora explicará os eixos fundamentais de tipo estético, literario e histórico das liñas de investigación propostas.
Análise de fontes documentais	Lectura e comentario de textos críticos, historiográficos, xornalísticos.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	A profesora orientará aos e ás estudantes na preparación das presentacións orais e na metodoloxía de análise das fontes de información.
Análise de fontes documentais	A orientación farase de forma individualizada.
Presentación oral	

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Análise de fontes documentais		A profesora porá a disposición do alumnado os materiais obxecto de análise. O alumnado deberá ler e analizar estes materiais e participar na exposición das súas conclusións na aula.	30
Presentación oral		O/a estudante exporá na aula, durante un mínimo de 20 minutos e un máximo de 1 hora, as súas conclusións sobre un asunto que escollerá de entre os tratados na materia. A exposición será necesariamente oral, aínda que poderá ser completada coa utilización de material audiovisual de apoio.	30
Lecturas		As lecturas obrigatorias deben realizarse para poder participar de forma efectiva no seminario e levar a cabo a presentación oral. A porcentaxe de avaliación de cada unha destas metodoloxías inclúe a correspondente á realización das lecturas.	40

Observacións avaliación
Terá a cualificación de "non presentado" quen non realice a presentación oral ou quen non asista e participe cando menos no 50% das sesións presenciais.
O/a estudante que solicite e obteña dispensa académica terá condicións especiais de avaliación, entre elas a substitución da avaliación da actividade realizada na aula pola entrega da actividade por escrito ou pola realización dunha proba oral, nunha data que se establecerá tendo en conta a disponibilidad do/a estudante.

Fontes de información
-----------------------



<b>Bibliografía básica</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Carballo Calero, Ricardo (1981). Historia da literatura galega contemporánea. Galaxia, Vigo</li> <li>- García Negro, María Pilar (2010). O clamor da rebeldía. Rosalía de Castro: ensaio e feminismo. Santiago de Compostela, Sotelo Blanco</li> <li>- Hermida, Carme (1992). A reivindicación da lingua galega no rexurdimento (1840-1891). Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela</li> <li>- Murguía, Manuel M. (1975 [1886]). Los Precursores. La Voz de Galicia</li> <li>- Rodríguez, Francisco (2011). Rosalía de Castro, estranxeira na súa patria. A Coruña, AS-PG</li> <li>- VV. AA. ( 1996 ). Historia da Literatura Galega . Vigo, AS-PG/A Nosa Terra</li> </ul> <p>OBRAS DE LECTURA OBRIGADA: Castro, Rosalía de: Cantares gallegos, en Poesías. Edicións do Patronato, 1992. [GP/324] Castro, Rosalía de: Follas Novas, en Poesías. Edicións do Patronato, 1992. [GP/324] Curros Enríquez, Manuel: Aires da miña terra, en López Varela, L. (ed.): A poesía galega completa de Manuel Curros Enríquez. A Coruña: Deputación da Coruña, 1997. [L7A-540 (I) 1] Curros Enríquez, Manuel: O Divino Sainete, en López Varela, L. (ed.): A poesía galega completa de Manuel Curros Enríquez. A Coruña: Deputación da Coruña, 1997. [L7A-540 (I) 1] Lamas Carvajal, Valentín: Saudades Gallegas, en García Negro, Mª P. (ed.): Poesía galega completa. Sada: Edicións do Castro, 1998. [ L7At-LAMAS-poes ] Pondal, Eduardo: Poesía galega completa [ed. de M. Ferreiro], Santiago de Compostela:Sotelo Blanco, 2002. [L7At-PONDAL-poe 1 (I), (II), (III)]</p>
<b>Bibliografía complementaria</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- García Negro, María Pilar ( 2013 ). Cantares gallegos, hoxe. Para unha lectura actualizada de Rosalía de Castro . Santiago de Compostela, Alvarellos</li> <li>- Hermida, Carme (1992). Os precursores da normalización. Xerais, Vigo</li> <li>- Pardo Bazán, Emilia (1984 [1888]). De mi tierra. Xerais, Vigo</li> <li>- Rodríguez, Francisco (1996 [1973]). A evolución ideolóxica de Curros Enríquez. Vigo, A Nosa Terra</li> <li>- Rodríguez, Francisco ( 1988). Análise sociolóxica da obra de Rosalía de Castro. Vigo: AS-PG</li> <li>- Rodríguez, Francisco (1990). Literatura galega contemporánea. Problemas de método e interpretación. Edicións do Cumio,Vilaboia-Pontevedra</li> </ul> <p>A profesora fornecerá material complementar e información sobre outros recursos relativos a esta materia ao longo das sesión do Mestrado.</p>

### Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

### Observacións

Para calquera dúbida, poden pórse en contacto coa profesora, persoalmente en horario de atención ao alumnado, ou concertando cita previa no enderezo electrónico: [gnegro@udc.es](mailto:gnegro@udc.es).

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías